

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN FRANCÉS segunda lingua estranxeira . CURSO 2019-2020. CPI CRUZ DO SAR- BERGONDO. A

partir das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.Introducción.

2.Avaliación e cualificación.

3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

4.Información e publicidade.

1.INTRODUCCIÓN.

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir, o Departamento de Francés tomou as seguintes decisións:

- **Afianzar os contidos da primeira e segunda avaliación**, tendo a certeza de que todas as tarefas que encomenda a profesora neste estado de alarma son perfectamente factibles polo seu alumnado xa que todo se explicou na clase antes do venres 13 de marzo 2020.
- O feito de ter dúas horas semanais na maioría dos cursos límitanos á hora de poder profundizar nalgúns aspectos; parécenos o momento axeitado para poder facelo.
- O departamento de francés en todos os cursos da ESO, DECIDE no tercer trimestre **REPASAR, REFORZAR E RECUPERAR**.

Repasar e reforzar cos alumnos que acadaron unha cualificación positiva no segundo trimestre e prestar especial atención a aqueles alumnos que non conseguiron acadar os obxectivos fixados, **con eles imos intentar RECUPERAR**.

Dito o cal, o departamento de francés non esixirá para avaliar o terceiro trimestre ningún concepto que non fose explicado na aula antes do confinamento, **non se propondrá materia nova que precisa das explicacións presenciais da profesora e da interacción dos alumnos**.

Non se ampliará materia entendendo que haberá que modificar as programacións de cara ao vindeiro curso 2020-2021.

ASÍ, OS ESTANDARES DE APRENDIZAXE E AS COMPETENCIAS SERÁN OS QUE SE APORTARON NA PROGRAMACIÓN AO COMENZO DO CURSO NOS DIFERENTES CURSOS DA ESO.

Avaliación	<p>Procedementos: Fichas respostadas polos alumnos, probas online(aínda que se dubida da fiabilidade). As actividades entregadas deben estar feitas por cada alumno con rigor, corrección e individualmente. As respostas deben corresponderse co nivel de coñecementos dos alumnos e o grado de desenvolvemento das súas competencias(non é axeitado contestar en 1º eso empregando o presente do subxuntivo...,por exemplo).</p>
	<p>Instrumentos: fichas elaboradas pola profesora para reforzar, repasar e recuperar a materia das dúas primeiras avaliacións. Recursos audio-visuais. Recursos dixitais. Aportación de material complementario.</p>
Cualificación final	<p>En todos os cursos da ESO, a nota da avaliación ordinaria non será en ningún caso, inferior á nota da segunda avaliación. Esa nota poderá verse incrementada naqueles alumnos e alumnas que responderon NO PRAZO indicado e SATISFACTORIAMENTE a todas e cada unha das tarefas propostas pola profesora. A nota incrementaráse entre 0 e 2 puntos. Os alumnos coa segunda avaliación suspensa poderán recuperala coas tarefas solicitadas pola profesora ou a través dunha proba online. Se estes alumnos non amosan interese ou non envían as tarefas con rigor e corrección, a materia non poderá ser recuperada na avaliación ordinaria e polo tanto, deberá recuperarse na proba extraordinaria de setembro 2020 coas unidades que abaixo se indican para cada curso.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Tanto se a proba é presencial como telemática, os contidos serán os vistos na aula ata o día 12 de Marzo do 2020. 1º ESO – Unidades 0,1, 2, 3 e 4. 2º ESO- Unidades 0, 1,2, 3 e das 4 e 5 todo o relacionado co passé composé, tanto con être como con avoir. 3ºESO- Unidades 0,1,2, 3 e 4. 4º ESO- Unidades 0,1,2,3 e 4.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non temos pendentes no departamento de Francés.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non temos pendentes no departamento de Francés.</p>
<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non temos pendentes</p>	

	no departamento de francés.
--	-----------------------------

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA PROFESORA POR FRANXAS SEMANAIS. A PROFESORA PROPÓN ACTIVIDADES OS LUNS E OS ALUMNOS TEÑEN DE PRAZO ATA O DOMINGO PARA FACELAS. FICHAS DE REPASO COS CONTIDOS PROPIOS DE CADA CURSO. EXERCICIOS NO LIBRO DE EXERCICIOS DE CADA CURSO(Cahier d'exercices, SANTILLANA).</p> <p>Traballos de investigación: gastronomía e cultura francesas para traballar as competencias.</p> <p>Dúbidas en mensaxería e foro da Aula Virtual.</p> <p>Dúbidas plantexadas polo alumnado no correo facilitado pola profesora.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Alumnado con conectividade a través da Aula Virtual e correo persoal da profesora</u></p> <p><u>Alumnado sen conectividade.(A día de hoxe no CPI CRUZ DO SAR atendeuse a todos os alumnos que o reclamaron con ordenador e incluso conexión).</u></p>
Materiais e recursos	

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información das tarefas están explicadas na aula virtual do CPI cruz do SAR “ Travail à la maison” especificado por cursos e semanas.</p> <p>A profesora puxo a disposición dos alumnos e familias o seu correo persoal para solucionar posibles dúbidas.</p>

Publicidade	ESTA ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ESTARÁ VISIBLE A PARTIR DO DÍA 13 DE MAIO 2020 NA PÁXINA WEB DO NOSO CENTRO.
--------------------	--

A XEFA DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

ANNABEL GONZÁLEZ MARÍ